



## ACTA Nº 2021/8

### *Sesión Ordinaria do Pleno do Concello*

*Sala de sesións da casa do Concello, venres 25 de xuño de 2021*

No día de hoxe, ás 09:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria do Pleno da Corporación.

**PRESIDE:**

D.ª Mónica Rodríguez Ordóñez (PSdeG-PSOE)

**ASISTEN:**

PSdeG-PSOE

D. Victor Manuel Muíño Ramos

D.ª María José Pose Pérez

D. Miguel Angel Pérez Méndez

D.ª Rosa Blanco Lema

D. Mario Andujar Mouzo

ADIANTE VIMIANZO

D.ª Marta Rey Lema

D. Eugenio Vidla Quintáns

D.ª María Jesús Barbeira Pose

D. Francisco Javier Trillo Pazos

PP

D.ª Raquel Rodríguez Amigo

D. Francisco M. Calzar Suárez

**AUSENCIAS:**

ADIANTE VIMIANZO

D. Manuel Antelo Pazos

Asisten telemáticamente tódolos membros da corporación excepto os pertencentes ao grupo político do PsdeG-PSOE, agás D. Mario Andujar Mouzo que asiste telematicamente.



**SECRETARIO XERAL:**

D. Francisco Javier Novoca Juíz

**INTERVENTORA XERAL EN RÉXIME DE ACUMULACIÓN:**

D.<sup>a</sup> Patricia Chas Filgueira

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión.

Procédese a tratar os asuntos incluídos na:

**ORDE DO DÍA**

**A) Sección resolutiva**

1º. Aprobación das actas das sesións extraordinaria-urxente e ordinaria celebradas os 19 e 28 de maio de 2021.

2º. Toma de razón da renuncia presentada polo concelleiro D. Manuel Antelo Pazos.

3º. Ditame sobre aprobación da modificación de crédito modalidade suplemento de crédito 2021/SC/01 (expte núm. 2021/T002/000010).

4º. Ditame sobre apoio á petición da veciñanza de Carantoña para o inicio do proceso de mellora da estrutura territorial agraria da súa parroquia

**B) Sección de control**

5º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

6º. Mocións de urxencia.

7º. Rogos e preguntas.

Comeza o debate e votación da orde do día.

**A) Sección resolutiva**

**1º. Aprobación das actas das sesións extraordinaria-urxente e ordinaria celebradas os 19 e 28 de maio de 2021.**



En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Sra. alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación ás citadas actas.

Ao non manifestar ningunha observación sobre as mesmas, quedan aprobadas por unanimidade dos presentes, as actas das sesións extraordinaria-urxente e ordinaria celebradas o 19 de 28 de maio de 2021.

## **2º. Toma de razón da renuncia presentada polo concelleiro D. Manuel Antelo Pazos.**

Dáse conta da proposta da Alcaldía do 14 de xuño de 2021, que se transcribe literalmente:

### **"PROPOSTA DE PLENO**

**Asunto: Toma de razón da renuncia presentada polo concelleiro D. Manuel Antelo Pazos. Exp.2021/X999/000758.**

Visto o escrito con RE 202199900000704, de data 04/06/2021, presentado por D. Manuel Antelo Pazos, concelleiro do grupo municipal Adiante Vimianzo, no que solicita o seguinte: (...)Que se teña por presentada a dimisión como concelleiro e se dea conta da mesma ao Pleno da Corporación municipal. 2. Que se comunique esta dimisión á Xunta Electoral e se proceda cos trámites para cubrir a vacante do grupo municipal por quen corresponda. (...)”.

Visto o informe xurídico emitido polo secretario municipal en data 08/06/2021, que se transcribe literalmente: **"INFORME XURÍDICO:**

EXPTE: 2021/X999/000758.

ASUNTO: RENUNCIA DE D. MANUEL ANTELO PAZOS COMO EDIL DO CONCELLO DE VIMIANZO.

#### Lexislación aplicable:

- Lei 7/85 de 2 de abril - LBRL-.
- Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril - TRRL-.
- Lei 39/2015 de 1 de outubro - LRXSP-.
- Real Decreto 128/2018 de 16 de marzo.
  
- Preséntase o 4 de xuño de 2021 por rexistro municipal escrito de renuncia como concelleiro de Vimianzo de D. Manuel Antelo Pazos, edil pertencente ó grupo municipal de Adiante Vimianzo, siglas coas que concorreu ás eleccións locais do ano 2019.
  
- Emítase o presente informe xurídico á vista da Providencia de Alcaldía de 7 de xuño de 2021 en cumprimento das funcións en materia de asesoramento legal preceptivo atribuídas polo artigo 92.bis da LBRL; 54 do TRRL, 173 do ROF e artigo 3 do RD 128/2018 de 16 de marzo.



### Consideracións Xurídicas:

**PRIMEIRA.-** Os membros electos unha vez toman posesión do cargo nos termos establecidos nos artigos 108.8 da Lei Orgánica 5/85 de 19 de xuño prestando o xuramento previsto regulamentariamente, gozan dunha serie de honores, prerrogativas e distincións inherentes ó dereito fundamental de participación política contemplado no artigo 23 da CE.

Entra dentro deste *ius officium* unha serie de dereitos e deberes que conforman o Estatuto dos Membros das Corporacións Locais contido nos artigos 73 e ss da Lei 7/85 de 2 de abril e no Título I do ROF así como na normativa autonómica que non difiere da normativa básica por ter este carácter.

Dentro dos deberes destaca o contido no artigo 75.7 da LBRL e 30 do ROF, así como na obriga da publicidade activa a que fai referencia o artigo 8.1.h) da Lei 19/2013 de 9 de Decembro de Transparencia que establece entre outras, as obrigas de publicidade de carácter económico, presupuestario e estatístico en relación ás Declaracións Anuais de Bens, Incompatibilidades e Actividades Económicas dos Representantes Locais así como liquidación de renda, patrimonio e sociedades no seu caso, garantindo a súa privacidade e seguridade.

De xeito máis exhaustivo, o artigo 75.7 da Lei 7/85 de 2 de abril establece que tales declaracións, efectuadas nos modelos aprobados polo Pleno, levaranse a cabo antes da toma de posesión, con ocasión do cese e ó final do mandato así como cando se modifiquen as circunstancias de feito.

Deste xeito, e tendo en conta a necesidade da Toma de Coñecemento polo Pleno da Corporación da Renuncia presentada e da vacante producida para que esta xurda efectos xurídicos dado o seu carácter revocable, será neste intre cando aflore a obriga de presentación da que fixen referencia.

**SEGUNDA.-** Dentro das causas legais de extinción da condición de concelleiro que se recollen no artigo 9 do ROF sendo o procedemento o regulado no artigo 182 da LOREG e a instrucción de 10 de xullo de 2003 da Xunta Electoral Central, atópanse as que proveñen de circunstancias persoais, falecemento ou incapacidade, e as que veñen directamente relacionadas coa entidade local como as derivadas da decisión xudicial firme que anule a elección ou proclamación.

De entre todas, é a Renuncia a que deu lugar a maior casuística xurisprudencial e doctrinal que foi solucionada en parte, coa instrucción que sen ter carácter normativa e clarividente e comprensible na súa redacción é de aplicación ó suposto actual.

**TERCEIRA.-** A **renuncia** da condición de concelleiro é un acto personalísimo do que só o membro afectado é responsable en dereito, sen que ninguén poida interferir nel.

Ten cobertura legal con carácter xenérico no artigo 94 da Lei 39/2015 de 1 de outubro sen que se poida esixir motivación ou xustificación algunha sobre as causas que levan a optar por esta forma de finalización do mandato como especialidade de finalización dos procedementos por parte dos interesados.



Dita configuración personalísima impide que o Pleno, no acto de coñecemento da renuncia, acorde non tomar razón da mesma, pois non é dispoñible por este órgano a aceptación da renuncia presentada, debendo limitarse á mera toma de razón que non pode denegarse, declarando vacante o cargo e solicitando á Xunta Electoral Central a expedición da correspondente credencial do candidato seguinte na lista electoral para unha vez recibida notificarlle para o acto de toma de posesión.

En todo caso, e derivado da transcendencia deste acto e o seu carácter personalísimo, debe constar a vontade de modo indubitado, claro e expreso puidendo revocarse ata o momento da toma de razón.

**CUARTO.-** En relación o procedemento, xa me fixen eco do mesmo ó largo deste informe pero para máis claridade transcribo o contido do punto 1 da instrucción da Xunta Electoral Central de 10 de xullo de 2003 ós efectos de coñecemento oportunos:

**Primero.-** Sustitución mediante candidatos seguintes o suplentes:

1. Cuando se presente escrito de renuncia o se produza el fallecimiento u otro supuesto de pérdida del cargo de concejal, alcalde pedáneo, consejero comarcal o de otro cargo representativo local, el Pleno de la entidad local de la que forme parte tomará conocimiento de la misma, remitiendo certificación del acuerdo adoptado a la Junta Electoral de Zona, durante el período de mandato de la misma, en orden a las elecciones locales, y a la Junta Electoral Central una vez concluido el mandato de aquélla, a los efectos de proceder a la sustitución, conforme a lo dispuesto en la Ley Orgánica del Régimen Electoral General, indicando el nombre de la persona a la que, a juicio de la Corporación, corresponde cubrir la vacante.

2. En el supuesto de que la persona llamada a cubrir la vacante, renuncie a su vez a ser proclamado electo, habrá asimismo de remitirse a la Junta Electoral competente el escrito de renuncia presentado para su toma de conocimiento por ésta y proceder en consecuencia.

3. Recibida la certificación de la Corporación local de toma de conocimiento del cese en el cargo representativo local, la Junta Electoral expedirá la credencial acreditativa de la condición de electo en favor del candidato al que corresponde cubrir la vacante producida, credencial que se remitirá a la Corporación local de la que aquél forme parte. La Corporación local notificará de modo fehaciente al interesado la recepción de la credencial a los efectos establecidos por la normativa de régimen local.

4. En el supuesto de que, producida una vacante de concejal o cargo electivo local, la Corporación correspondiente no tomara conocimiento de la misma, el representante de la candidatura o del partido afectado podrá, pasados diez días naturales, ponerlo en conocimiento de la Junta Electoral competente con arreglo a lo previsto en el número 1, para, previa audiencia, por cinco días, de la Corporación, proceder a expedir la credencial al candidato que corresponda. Del mismo modo se podrá actuar en el caso de que la



Corporación no remitiera a la Junta Electoral competente la renuncia anticipada de un candidato llamado a cubrir una vacante.

5. En el caso de que la vacante se produzca en el cargo de diputado provincial, la correspondiente Corporación lo pondrá en conocimiento de la Junta Electoral competente conforme a lo previsto en el número 1, a los efectos de proceder a la elección, en los términos previstos en el artículo 206 de la LOREG.

6. Los Secretarios de las Audiencias Provinciales custodiarán la documentación electoral, a efectos de remisión a la Junta Electoral Central de los datos que por ésta se soliciten.

#### CONCLUSIÓN:

Tralo exposto neste informe cabe concluir que o Pleno da Corporación deberá tomar razón da renuncia presentada na primeira sesión que celebre para dotar á mesma de eficacia, remitindo o acordo correspondente declarando vacante o posto de concelleiro e solicitando á Xunta Electoral Central a expedición e remisión da Credencial acreditativa de Concelleiro Electo do seguinte na lista electoral pola que se concurriu ás eleccións municipais do ano 2019.

Por razóns operativas e por mor da vontade manifestada e opinión das Xuntas Electorais que a toma de razón figure como primeiro punto do orde do día dos asuntos susceptibles de debate e votación para evitar unha participación do concelleiro que manifesta a súa vontade de non exercer o dereito representativo contido no artigo 23.1 da CE.

O Secretario  
Francisco Javier Novoa Juiz

A Alcaldesa  
Mónica Rodríguez Ordóñez

Tendo en conta o disposto na Instrucción de 10 de xullo de 2003, da Xunta Electoral Central, sobre substitución dos cargos electivos locais (BOE núm.171, do 18/07/2003), a persoa á que lle corresponde cubrir a praza vacante é D. José Antonio Vidal Mira, que ocupa o posto número 6 da candidatura Adiante Vimianzo.

Considerando o exposto, elévase a seguinte proposta de acordo ao Pleno do Concello:

Primeiro.- Tomar coñecemento da renuncia presentada por D. Manuel Antelo Pazos como concelleiro do grupo municipal Adiante Vimianzo da corporación municipal do concello de Vimianzo.

Segundo.- Dar traslado dun certificado deste acordo á Xunta Electoral Central e solicitarlle a expedición e remisión da credencial acreditativa de concelleiro electo da seguinte persoa na lista electoral pola que se concorreu ás eleccións municipais do ano 2019.



Terceiro.-Notificar este acordo ao Sr. Antelo Pazos, para os efectos de dar cumprimento ao disposto no art.75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, diante do secretario desta corporación municipal.

O que asino en Vimianzo,  
A alcaldesa,  
Mónica Rodríguez Ordóñez  
(documento asinado electrónicamente)".

A Alcaldesa-Presidenta agradece a labor realizada por D. Manuel Antelo Pazos.

Dña. Marta Rey a interpelación do Secretario da Corporación, confirma a vontade da renuncia presentada xa que non está presente o interesado. Comenta que é unha decisión persoal respetada e apoiada polo resto dos edís e demostra respecto por parte do concelleiro hacia a poboación de Vimianzo, xa que, tras perder a alcaldía esperou 2 anos para presentar a renuncia.

Continúa agradecendo públicamente o seu traballo e a implicación no ben común, fiel ós seus principios, honrado, leal e xusto, comprometido con Vimianzo sendo un orgullo compartir o seu camiño que continuará fora do órgano plenario.

O Pleno do Concello toma coñecemento da renuncia presentada por D. Manuel Antelo Pazos e da proposta da Alcaldía sen que houbera manifestacións en contra, aos efectos de continuar coa tramitación para acreditar o seguinte candidato da lista de A.V. para tomar posesión como edil do concello Vimianzo como explica o Secretario da Corporación.

### **3º. Ditame sobre aprobación da modificación de crédito modalidade suplemento de crédito 2021/SC/01 (expte núm. 2021/T002/000010)**

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos do día 22 de xuño de 2021 que se reproduce a continuación:

#### **"1. Proposta de ditame sobre aprobación da modificación de créditos modalidade suplemento de crédito 2021/SC/01 (expte núm. 2021/T002/000010)**

Dase conta da proposta da Alcaldía de data 17 de xuño de 2021, que se transcribe literalmente:

#### **"PROPOSTA DE ACORDO MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 2021/SC/01 EXPTE TEDEC: 2021/T002/000010**

Visto que existen gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, para os que non existe crédito suficiente no Orzamento prorrogado da Corporación, e dado que se dispón de remanente líquido de Tesouraría segundo os estados financeiros e contables resultantes da liquidación do exercicio anterior, faise



preciso a modificación de créditos 2021/SC/01 do Orzamento en vigor na modalidade de suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría.

Vistos os informes de Intervención.

De conformidade co disposto no artigo 177.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** Que se aprrobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2021/SC/01, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con remanente de tesourería para gastos xerais, co seguinte detalle:

#### GASTOS.

APLICACIÓN	INCREMENTO	FINALIDADE	MODIFICACIÓN
453.61900	41.126,74 €	Modificación contractual "Mellora e ampliación da rúa Gándara"	Suplemento de crédito
<b>TOTAL</b>	<b>41.126,74 €</b>		

#### INGRESOS.

CONCEPTO	INCREMENTO	DESCRIPCIÓN
87000	41.126,74 €	Remanente líquido de tesourería para gastos xerais

**SEGUNDO.** Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

A Alcaldesa  
Mónica Rodríguez Ordóñez  
Documento asinado dixitalmente''

Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, por dous votos a favor do PSdeG-PSOE, 3 abstencións (2 de AV e 1 do PP) e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.''





A Alcaldesa-Presidenta presenta á interventora acumulada Dna. Patricia Chas á que lle agradece a labor realizada.

A interventora acumulada explica brevemente a modificación orzamentaria proposta.

A Alcaldesa-Presidenta informa que está modificación ven derivada da detección imprevista da conexión das augas fecais e pluviais incorrecta, de xeito que hai que modificar o proxecto da obra para corrixir estes desperfectos e non esperar a repavimentar máis adiante.

Dna. Raquel Rodríguez manifesta o seu apoio para rematar as obras nas mellores condicións.

Dna. Marta Rey dí que fai unha crítica constructiva para que se fagan as obras con máis previsións xa que obra que se fai, obra que se suplementa e isto repercute na veciñanza.

A Alcaldesa-Presidenta contesta que cre que é o primeiro reformado con alteración económica e que en todo caso, non van a gastar en repavimentar a posteriori sendo o director da obra o que detectou esta conexión ás fecais que non se podía saber antes pois estaban soterradas.

Pásase á votación do asunto obténdose a aprobación por UNANIMIDADE dos membros da corporación presentes.

#### **4º. Ditame sobre apoio á petición da veciñanza de Carantoña para o inicio do proceso de mellora da estrutura territorial agraria da súa parroquia**

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais do día 22 de xuño de 2021 que se reproduce a continuación:

##### **"1. Proposta de ditame sobre apoio á petición da veciñanza de Carantoña para o inicio do proceso de mellora da estrutura territorial agraria da súa parroquia**

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 17 de xuño de 2021, que se transcribe literalmente:

##### **"PROPOSTA DE ACORDO**

##### **Asunto: Apoio á petición da veciñanza de Carantoña para o inicio do proceso de mellora da estrutura territorial agraria da súa parroquia**

Con data 26 de setembro de 2017 remitiuse á Xefatura Territorial de Medio Rural da Coruña escrito dos veciños e veciñas de Carantoña solicitando que se iniciara o proceso de carácter público de mellora da estrutura territorial agraria na súa parroquia.

Posteriormente o Pleno do Concello na sesión do 5 de outubro de 2018 adoptou o acordo de apoiar a dita petición e solicitar da Consellería do Medio Rural que se inicie o proceso de carácter público de mellora da estrutura territorial agraria na dita parroquia.



No día de hoxe, 17 de xuño de 2021 presentouse o escrito con RE 20210000002376 da veciñanza de Carantoña no que se reitera a solicitude para que se inicie o referido proceso.

Tendo en conta o interese público desta iniciativa e o grande beneficio que significaría para a xestión do territorio, a actividade agrícola e gandeira, así como a gran repercusión social deste proceso, esta Alcaldía considera de interese o apoio do Pleno da Corporación municipal, para que por parte da Consellería de Medio Rural se atenda esta demanda veciñal e se leve a cabo o que se solicita.

Tendo en conta o anteriormente exposto, propónse ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Apoiar a petición da veciñanza de Carantoña pola que se solicita á Consellería de Medio Rural o inicio do proceso de carácter público de mellora da estrutura territorial agraria na súa parroquia.

SEGUNDO.- Reiterar a petición á Consellería do Medio Rural para o inicio do proceso de carácter público de mellora da estrutura territorial agraria na parroquia de Carantoña.

TERCEIRO.- Trasladar este acordo á Xefatura Territorial da Conselleira do Medio Rural.

O que asino en Vimianzo.  
A alcaldesa  
Mónica Rodríguez Ordóñez.”

Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais, por catro votos a favor (2 de PSdeG-PSOE e 2 AV), 1 abstención do PP e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.”

A Alcaldesa-Presidenta explica que xa en 2017 acordouse remitir e solicitar o inicio do procedemento e vólvese a requerir á vista da petición dos veciños.

Dna. Raquel Rodríguez apoia a proposta.

Dna. Marta Rey dí apoia a proposta pero non entende porque se volve a adoptar o mesmo acordo e se se fixo un seguimento do anterior.

A Alcaldesa-Presidenta contesta que os veciños volveron a solicitalo e había que remitir e apoiar a petición ó órgano autonómico para que proceda a iniciar o expediente.

Pásase á votación do asunto obténdose a aprobación por UNANIMIDADE dos membros da corporación presentes.

## **B) Sección de control**

### **5º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidentencia.**



O Secretario da conta dos números de Resolución da Alcaldía adoptadas desde o día 26-05-2021 con número 505/2021 ata o día 22-06-2021 con número 630/2021.

O Pleno do Concello douse por enterado.

#### **6º. Mocións de urxencia.**

Non se presentan.

#### **7º. Rogos e preguntas.**

Dna. Raquel Rodríguez roga reunión para facer os orzamentos municipais.

Pregunta sobre o problema que hai co terreo da Fonte de Carnés.

Dna. Marta Rey roga se solucione o problema de verquidos no Paseo Fluvial de Vimianzo de xeito urxente.

Pregunta como está o estado de mantemento das depuradoras.

Refírese a necesidade de arranxar os camiños municipais xa que hai remanente de tesourería e hai que atender ás demandas dos veciños.

Por último, roga que as sesión plenarias se volvan a celebrar os venres ás 8 da tarde.

A Alcadesa-Presidenta en relación ó orzamento comenta que tiñan un borrador e marchou a interventora e están a espera de novo interventor e será fundamental escoitarnos para cubrir a maior parte das prioridades.

Respecto á Fonte de San Cristovo contesta que irán a ver que pasa que descoñecía problemas alí.

En relación ós verquidos, trasladará os responsables dos bombeos para que regulen a situación e as depuradoras están sendo limpadas.

Contesta que as pistas están mal e para correxir iso, se fixo unha modificación de 40.000 euros aínda que falta moito pois non cubre nin o 10% pero as limitacións presupostarias son as que son e a prioridade e pavimentalas pero hai kms e kms.

En relación ó horario do pleno, dí que oxalá non haxa retroceso na recuperación e cando se poida ter público con seguridade e garantías se volverá ó horario habitual.

Remata agradecendo que se fagan os rogos e preguntas sen prexuízo de que haxa contacto directo para solicitar e comentar os problemas que poidan xurdir.



Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 09:46 horas a Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión, e eu como Secretario do Pleno redacto este borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o 25 de xuño de 2021.

A Alcaldesa-Presidenta  
Mónica Rodríguez Ordóñez

O Secretario Xeral  
Francisco Javier Novoa Juiz